

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO  
DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2023.**

Ás 10.00 horas do día 22 de decembro de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** don Luis Menor Pérez

**Deputados/as do Grupo Popular:**

Don Rosendo Luis Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

Don Álvaro Vila Araújo

Don José Ignacio Gómez Pérez

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

**Deputados/as do Grupo do BNG:**

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

**Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:**

Don Armando Ojea Bouzo

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

**Secretario:** don Juan Marquina Fuentes

**Interventora:** dona Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de novembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 24 de novembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

### **2º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS EJERCICIO 2023.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra á vicepresidenta primeira para que expoña o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervencións de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, nesta quenda indica que este recoñecemento extraxudicial ten un importe aproximado de setecentos mil euros e que consta do detalle de facturas incorporadas ao expediente, das cales a maior parte corresponden á área de medio ambiente da Deputación e a facturas da EDAR de San Cibrao que quedaron pendentes pola finalización da anterior empresa contratista. Non representa máis que o 0,5 % do orzamento da Deputación e se trata de cuestións urxentes que deben tramitarse neste exercicio. Constan no expediente informes favorables de secretaría e de intervención polo que, como administración responsable, debemos proceder a aprobar as facturas para o seu abono.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, indica que efectivamente se trata de facturas que non se puideron tramitar e aprobar polo procedemento ordinario e por iso teñen que vir a este pleno. Podemos velas e comprobalas no expediente administrativo polo que en principio non vimos nada estraño, e engade que os grupos provinciais tampouco son auditores polo que sería desexable que noutras administracións outros grupos políticos non se presentasen como

unha consultora de auditores e tivesen este comportamento, polo que remata indicando que votarán a favor da proposta para que os contratistas poidan cobrar despois de facer os seus traballos.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, comeza indicando que neste asunto xa comentaron na comisión que se botaban de menos algunhas das facturas do expediente, e das que aparece o detalle na parte dispositiva pero non a factura propiamente dita. Por outra banda sinala que nos chama a atención que por parte de intervención se requiría a tres departamentos para emitir os preceptivos informes do órgano xestor (banda gaitas, cultura e obras), e eses informes aínda non figuran incorporados. Con estas salvidades, que nos gustaría que se emendasen, imos absternos na votación deste punto da orde do día.

1ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, intervén para sinalar que efectivamente hai facturas que non constan incorporadas ao expediente, nin os informes indicados polo voceiro do BNG. Estamos de acordo en que os traballos feitos hai que pagalos, e remata indicando que o voto do seu grupo vai ser a abstención.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, manifesta que as facturas foron incorporadas ao expediente, e que debeu existir algún tipo de erro ao facilitar o acceso a estas, polo que se lles farán chegar aos grupos políticos que as precisen.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 2023/5960P e autorizar a imputación aos créditos de gasto do orzamento corrente de 2023, nas partidas orzamentarias correspondente, das facturas que se detallan no punto primeiro dos antecedentes da resolución n.º 2023/15071 (CSV: 14614204570571714577 en <https://sede.depourense.es>)

### **3º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DE TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO DO CONCELLO DE MANZANEDA.**

O Sr. presidente cédelle a palabra á portavoz do Grupo Popular para que expoña o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos.

Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame e apelando á autonomía municipal anuncia que o seu grupo votará a favor.

O resto dos grupos políticos mostran a conformidade coa autonomía municipal e anuncian que votarán a favor.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo: Aceptar a delegación de competencias efectuada polo concello de Manzaneda a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 24 de novembro de 2023, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados dos seguintes tributos e ingresos de dereito público:

- Imposto de bens inmobles (IBI).
- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).
- Imposto sobre actividades económicas (IIAEE).
- Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos.
- Taxa polo subministro de auga.
- A recadación dos gastos derivados de execucións forzosas, ao abeiro do establecido nos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 106.3 da Lei 7/85 de bases de réxime local.

nas condicións recollidas no acordo de delegación do concello de Manzaneda, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as

diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.

- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

#### **4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE OURENSE .-**

O Sr. presidente manifesta que este punto e o seguinte se debaterán conxuntamente, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces.

Seguidamente o Sr. secretario expón o contido do ditame da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Recursos Humanos e da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, manifesta nesta quenda que aínda que se actualiza a taxa seguimos cunhas tarifas por debaixo do que cobran outras deputacións e lembra que a maior parte dos trámites para as entidades locais están exentos de pago.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, fai uso da palabra para apuntar que a modificación destas ordenanzas no relativo ás dúbidas existentes foron resoltas na comisión polo que o seu grupo votará a favor de ámbalas dúas propostas.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, intervén para indicar que as dúbidas existentes foron aclaradas na comisión informativa e lembra a necesidade de reformular o formato do BOP e que segundo se informou na comisión precisamente se está a traballar nesta liña, polo que se votará a favor dos dous puntos.

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, indica que unha vez resoltas as dúbidas formuladas o voto do grupo socialista vai ser a favor tamén nos puntos 4º e 5º da orde do día.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 4 e 5](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo do Boletín Oficial da Provincia, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

**Artigo 1.- Fundamento legal.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto no artigo 132 en relación co artigo 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e ao amparo do artigo 2 da Lei 5/2002, de 4 de abril, Reguladora dos boletíns oficiais das provincias, a Deputación Provincial de Ourense establece a taxa pola prestación do servizo do Boletín Oficial da Provincia, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

**Artigo 2.- Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta taxa a realización da actividade que ten por obxecto a inserción de anuncios e documentos de calquera clase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

**Artigo 3.- Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten, ou resulten beneficiadas pola prestación do servizo a que se refire o artigo 2 da presente Ordenanza.

**Artigo 4.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores de feito ou de dereito de persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

#### **Artigo 5.- Devindicación.**

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír coa solicitude de publicación do anuncio ou documento de calquera clase. O pagamento total da taxa de conformidade co establecido no artigo 9 desta Ordenanza será requisito previo para a tramitación da publicación de que se trate.

#### **Artigo 6.- Base imponible**

Determinan a base imponible da taxa:

1. A extensión do texto, determinado pola cantidade de caracteres (incluídos os espazos en branco).
2. O espazo ocupado polas imaxes, gráficos ou similares.
3. O carácter ordinario ou urxente da publicación.

#### **Artigo 7.- Cota tributaria.**

A cota tributaria é a resultante de aplicar as seguintes tarifas:

1. Publicación de anuncios e calquera documento de texto.
  - a. En caso de publicación ordinaria, por cada carácter ou espazo en branco: 0,05 euros.
  - b. En caso de publicación urxente, por cada carácter ou espazo en branco: 0,06 euros.

Dado que a diferenza, 0,01 euros grava a urxencia, será a tarifa establecida para os anuncios exentos declarados urxentes.

2. Publicación de imaxes, gráficos ou similares:
  - a. Se ocupa media páxina: 150 euros.
  - b. Se ocupa entre media páxina e unha páxina enteira: 250 euros.

#### **Artigo 8.- Normas de xestión e ingreso.**

1. Os anuncios, edictos e demais documentos que interese publicar no Boletín Oficial de Provincia de Ourense remitiráselle ao rexistro electrónico do Boletín Oficial da Provincia de Ourense.
2. A taxa regulada nesta ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación nos impresos habilitados ao efecto pola Administración provincial e realizar o seu ingreso na forma establecida nela. Á solicitude de publicación haberá de acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada.

3. A solicitude de publicación non se tramitará mentres non se efectúe o pagamento total da taxa nos termos indicados no punto anterior.
4. O órgano remitente da orde de inserción deberá consignar na solicitude que envíe a norma que obrigue á inserción cando a exención alegada sexa algunha das que se basean na dita obrigatoriedade, segundo o artigo 9 desta ordenanza.
5. Se unha vez aboado o importe da autoliquidación e antes da publicación do anuncio ou documento, se solicitase a anulación dos trámites de publicación e a devolución da taxa, esta realizarase minorando ao importe ingresado o vinte por cento da dita cantidade en concepto de traballos administrativos desenvolvidos.

#### **Artigo 9.- Exencións.**

1. De acordo co previsto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.
2. De acordo co artigo 11.2 da Lei 5/2002 de 4 de abril reguladora dos boletíns oficiais das provincias, estarán exentos do pago da taxa para a publicación de anuncios ou documentos:
  - a) A publicación de disposicións e as resolucións de inserción obrigatoria. O carácter obrigatorio da inserción deberá especificarse na orde de inserción.
  - b) Os anuncios oficiais, calquera que sexa o solicitante da inserción, cando esta resulte obrigatoria, de acordo cunha norma legal ou regulamentaria, (deberá citarse na solicitude), así como os edictos e anuncios de xulgados e tribunais cando a inserción sexa ordenada de oficio.
3. Exceptúanse da exención a que se refire o apartado anterior as seguintes publicacións:
  - a) Os anuncios publicados a instancia de particulares.
  - b) Os anuncios de licitacións de todo tipo de contratos, de acordo co establecido na súa lexislación específica.
  - c) Os anuncios oficiais da Administración de Xustiza a instancia de particulares.
  - d) Os anuncios cuxo custo sexa repercutible aos interesados segundo as disposicións aplicables.
  - e) Os anuncios derivados de procedementos suxeitos ao pago dunha taxa, prezo público ou outro tipo de dereitos económicos.
  - f) Os anuncios que poidan reportar, directa ou indirectamente, un beneficio económico ao remitente ou solicitante, ou tiveran contido económico.

Non se considerarán, para estes efectos, que reportan un beneficio económico ou que teñan contido económico as citacións para ser notificados por comparecencia nos procedementos de recadación dos diferentes tributos ou exaccións parafiscais, nos casos en que intentada a notificación ao interesado ou representante por parte da Administración Tributaria ou entidades e corporacións de dereito público ás que corresponde a súa recadación e esta non fose posible.

g) Os anuncios que poidan ou deban publicarse ademais nun diario, segundo a disposición legal ou regulamentaria.

4. Ao abeiro do disposto no último parágrafo do artigo 11.3 da Lei 5/2002 de 4 de abril reguladora dos boletíns oficiais das provincias establécese a exención do pago da taxa para a publicación dos seguintes anuncios que teñen ou poden ter contido económico:

a) Aprobación de orzamentos, expedientes de modificación de créditos e da conta xeral.

b) Aprobación das normas urbanísticas (planes xerais, normas subsidiarias e complementarias, planes parciais e especiais, estudos de detalle, programas de actuación urbanística, proxectos de urbanización, delimitacións de polígonos e unidades de actuación), excepto cando o planeamento sexa promovido por particulares.

**Disposición final.-** Esta ordenanza entrará en vigor trala súa publicación íntegra no BOP, de conformidade co disposto no artigo 17 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e estará vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

**Segundo.** Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo isto de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularan reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

**Terceiro.** Co acordo de aprobación definitivo enténdese derogada a Ordenanza fiscal publicada no BOP do 4 de setembro de 2008.

## **5º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE OURENSE.**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior, trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza reguladora do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co seguinte contido:**

### **Artigo 1. Obxecto.**

Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do servizo do Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no marco da lexislación básica do Estado, Lei 5/2002 de 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias e da lexislación complementaria que poida establecer a Comunidade Autónoma de Galicia, e regulándose nela o modo e forma de xestión do Boletín Oficial da Provincia de Ourense (en diante BOP), a súa edición e difusión, dotando de plena validez xurídica á súa edición electrónica, así como a relación interadministrativa entre este servizo e as entidades ou particulares que ordenen as publicacións dos seus anuncios.

### **Artigo 2. Competencia.**

1. O Boletín Oficial da Provincia de Ourense constitúe un servizo público de competencia provincial, correspondéndolle a súa regulación, xestión, edición, distribución e venda á Deputación Provincial de Ourense.
2. A xestión do servizo poderá levarse a cabo mediante calquera dos sistemas previstos na lexislación vixente.

### **Artigo 3. Definición e contido do servizo.**

1. O Boletín Oficial da Provincia de Ourense é o xornal oficial no que se publicarán as disposicións de carácter xeral e ordenanzas, así como os actos, edictos, acordos, notificacións, anuncios e demais resolucións das diferentes administracións públicas, da Administración de Xustiza e de particulares cando así se prevexa nunha disposición legal ou regulamentaria.

Sen prexuízo do anterior, os anuncios de particulares ou de administracións públicas cunha publicación que non teña carácter obrigatorio ou que non se prevexa na normativa vixente, poderán igualmente ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, nos termos recollidos nesta ordenanza, excluíndose, en todo caso, os anuncios de carácter comercial, propagandístico ou análogos.

2. O Boletín Oficial da Provincia editarase nas dúas seguintes modalidades:

a) Edición electrónica, que se publicará na sede electrónica da Deputación de Ourense e que terá plena validez xurídica, garantindo a súa autenticidade de acordo coas disposicións normativas que regulen tanto o procedemento administrativo común das administracións públicas como o réxime xurídico do sector público. Respectaranse os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo coas normas establecidas, e empregará estándares abertos. O Boletín Oficial da Provincia dispón dun portal web que permite a realización de consultas, trámites e xestións que se regulan no presente regulamento, con plena validez xurídica.

b) Edición impresa en papel. A edición impresa en papel reducirase ao número de exemplares que se consideren necesarios para cubrir a demanda existente, tendéndose, en todo caso, á súa redución ao mínimo necesario. A tirada da edición impresa establecerase por resolución da Presidencia. En todo caso existirá unha edición impresa na sede provincial para a súa consulta polas persoas interesadas.

3. O Boletín Oficial da Provincia presentarase coa seguinte estrutura.

No encabezamento de cada número do BOP e de cada unha das súas páxinas figurará:

Denominación BOP Ourense

Escudo da Deputación Provincial de Ourense

Número do exemplar diario, que será correlativo dende o comezo de cada ano

Data de publicación

Número de páxina, que será correlativo dende o comezo de cada número do BOP

No pé de cada páxina figurará Boletín Oficial Provincia de Ourense, D.L. OU 1-1958 e Deputación Provincial de Ourense.

Cada páxina incluirá o código de verificación que permita contrastar a súa autenticidade.

A data de publicación das disposicións, actos e anuncios será a que figure no encabezamento e en cada unha das páxinas do exemplar diario no que se publiquen.

Cada número do BOP constará dun sumario das disposicións e actos incluídos neste Boletín, o antedito sumario será un breve resumo do contido do anuncio que en ningún caso fará referencia a nada que non estea contemplado ou identificado no corpo do texto.

Cada número do BOP será publicado de acordo coa seguinte estrutura:

Eleccións

I. Deputación Provincial de Ourense e organismos dependentes e adscritos.

II. Administración Xeral do Estado.

III Comunidade Autónoma.

IV. Entidades locais.

V. Tribunais e xulgados.

VI. Anuncios de particulares e outros.

#### **Artigo 4. Periodicidade.**

1. O Boletín Oficial da Provincia publicarase todos os días da semana, agás sábados, domingos e festivos (nacionais, autonómicos e locais da cidade de Ourense).
2. No suposto de que o boletín non se poida publicar por causa de incidencia técnica, ciberincidente ou outra causa de forza maior, a Deputación Provincial de Ourense fará pública esta situación coa maior brevidade posible a través dos medios de comunicación social e ademais o fará constar así no seguinte boletín que se publique, e poderase proceder á ampliación de prazos prevista nos artigos 32.4 e 32.5 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. No suposto de que nunha data determinada non houberse anuncios para ser publicados, a Deputación resérvase a facultade de acordar a non publicación do BOP nesa data, facendo pública a dita circunstancia.
4. En circunstancias de urxencia e acumulación de traballos, a Presidencia poderá ordenar a edición e publicación do BOP con carácter extraordinario, así como acordar excepcionalmente a publicación de informes, documentos ou comunicacións oficiais, cuxa difusión sexa considerada de interese xeral.

#### **Artigo 5. Obrigatoriedade da publicación.**

1. A Deputación Provincial está obrigada a publicar no boletín os seguintes anuncios:
  - Anuncios oficiais das administracións públicas e de xustiza, cando a súa publicación veña obrigada en virtude de disposición legal ou regulamentaria.
  - Anuncios oficiais remitidos polas administracións públicas e de xustiza distintos dos indicados no parágrafo anterior, sen prexuízo de que estas publicacións poidan estar suxeitas ao pago da taxa provincial correspondente, de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 5/2002.
  - Os anuncios de particulares nos que sexa obrigatoria a súa inserción de acordo coa lexislación vixente.
2. A publicación do resto de anuncios dos particulares supeditarase ás necesidades da xestión do servizo, admitíndose, en todo caso, a publicación de anuncios que se consideren de interese social, como os relativos a campañas benéficas, accións de carácter solidario ou outros análogos.
3. Non se admitirá en ningún caso a inserción no Boletín Oficial da Provincia de anuncios de carácter comercial, propagandístico, mercantil ou análogos.

## **Artigo 6. Protección de datos persoais.**

Todos os datos persoais facilitados polas persoas usuarias do «Boletín Oficial» da Provincia de Ourense, incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense e serán tratados coa/s finalidade/s específica/s de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigaón legal así como no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as funcións previstas nesta ordenanza reguladora do servizo.

O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

As persoas interesadas poderán exercer os deus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu delegado de Protección de Datos, no correo electrónico [dpd@depourense.es](mailto:dpd@depourense.es). En todo caso, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

## **Artigo 7. Réxime económico.**

Conforme cos artigos 2 e 11 da Lei 5/2002, do 4 de abril, de boletíns oficiais das provincias, a publicación de todo tipo de texto estará suxeita á taxa, nos termos e contía que se establezan na ordenanza fiscal correspondente.

## **Artigo 8. Do procedemento de inserción de anuncios.**

1. Os órganos correspondentes das distintas administracións públicas e da Administración de Xustiza estarán obrigados a acreditar ante a Deputación Provincial, segundo a súa normativa específica, ás autoridades e funcionarios/as facultados/as para ordenar a inserción, así como as modificacións que se produzan, sendo esas autoridades ou funcionarios os suxeitos responsables da autenticidade do contido dos textos remitidos para a súa publicación.

2. A unidade administrativa xestora do «Boletín Oficial» da provincia levará un rexistro das autoridades e funcionarios/as facultados/as para asinar a orde de inserción dos anuncios, sen que se curse ningunha que estea asinada por persoas distintas ás autorizadas para iso.

3. Cando se trate de anuncios tramitados a instancia de particulares, estes deberán acreditar de forma fidedigna a condición a través da cal actúan.

4. Para a publicación de calquera texto no «Boletín Oficial» da provincia de Ourense deberá presentarse necesariamente unha orde de inserción accedendo ao enlace seguinte: <https://bop.depourense.es> e cumprimentando o modelo normalizado de solicitude ou orde de inserción previsto no anexo I da presente Ordenanza.

En todo caso serán campos obrigatorios os seguintes:

- a) Nome e apelidos do que ordena a inserción e, se é o caso, o cargo que ostenta.
- b) Administración pública ou organismo da Administración de Xustiza do que procede, se é o caso, o anuncio que se ha de inserir.
- c) Denominación, nome ou razón social do suxeito que efectuará o pago da taxa, de ser o caso, así como o NIF e o domicilio, conforme co modelo establecido na correspondente ordenanza fiscal. A Deputación Provincial de Ourense, contemplará a modalidade de pago electrónico virtual. Este dato só se cumprimentará no caso de que quen efectúe o pago sexa distinto do que ordena a inserción. No caso de que non se consignen estes datos entenderase en todo caso que o suxeito pasivo da taxa é o órgano ou particular que ordena a inserción.
- d) Resumo conciso do contido do texto, que se publicará como sumario do anuncio no BOP.
- e) Norma e precepto concreto que prevé a publicación.
- f) Se se considera que o anuncio está exento de pago da correspondente taxa deberá indicarse expresamente esta circunstancia e o fundamento xurídico en que se basea.
- g) Carácter ordinario ou urxente da publicación.
- h) Acreditación do previo pagamento da taxa, no caso de devindicación.

5. O solicitante da inserción é o responsable de que exista concordancia entre a orde de inserción e o anuncio correspondente. Os textos a inserir deben ser remitidos en todo caso en formato editable. As imaxes a inserir deben enviarse nun formato compatible con Adobe InDesign recomendando para os planos formato vectorial (Illustrator, EPS, PDF) e para as imaxes en mapa de bits unha resolución de 300 ppp. En caso de non cumprir estes requisitos a responsabilidade da calidade final dos planos e imaxes publicados será do solicitante da inserción do anuncio. Os orixinais deberán presentarse obrigatoriamente nas dúas linguas oficiais.

6. No suposto de non cumprimento dos requirimentos establecidos na presente ordenanza, de falta de datos, de redacción incoherente ou de formato inintelixible polos sistemas informáticos do «Boletín Oficial» da provincia de Ourense, non se cursará a publicación e comunicáraselle este feito ao anunciante.

**Artigo 9. Publicación dos orixinais.**

1. Os orixinais serán transcritos na mesma forma en que se atopen redactados e autorizados polo órgano ou persoa remitente, sen que por ningunha causa se poidan variar ou modificar os seus textos, unha vez tivesen entrada non Boletín Oficial, salvo que o remitente o autorice expresa e fidedignamente.

Non obstante o anterior, a autorización do remitente presumirase, salvo expresa manifestación en contrario, para a corrección, por parte dos servizos provinciais, dos erros ortográficos ou gramaticais existentes nos textos remitidos.

2. A publicación dos orixinais realizarase por orde cronolóxica de presentación, que só poderá alterarse no caso de publicacións declaradas urxentes polo órgano remitente da orde de inserción, ou cando así se esixa polo volume do texto para publicar, respectándose, en todo caso, os prazos máximos legalmente establecidos, que serán de quince (15) días hábiles para os anuncios ordinarios e seis (6) días hábiles para os urxentes, contados en ámbolos dous casos dende a data de entrada no rexistro electrónico do Boletín Oficial da Provincia da solicitude coa documentación e tramitación completa co pagamento previo.

Para a inserción dun anuncio urxente será obrigatorio a presentación dos textos nas dúas linguas oficiais (galego e castelán).

Se unha vez recibida a orde de inserción xunto co correspondente texto para publicar o ordenante da inserción pretende que non se publique, deberá remitir unha solicitude para a súa anulación, identificando de forma clara o anuncio de que se trate e, no caso de que solicite a devolución da taxa, esta farase de conformidade co previsto na ordenanza fiscal.

#### **Artigo 10. Lingua de publicación.**

O BOP de Ourense publicarase en galego e en castelán.

#### **Artigo 11. Consulta do boletín.**

1. A Deputación Provincial garantizará o acceso universal e gratuíto á edición electrónica do «Boletín Oficial» da provincia de Ourense, sen que para iso sexa preciso a formalización de subscrición ningunha. Esta edición electrónica deberá estar accesible na web da Deputación Provincial na data que figure na cabeceira do exemplar diario, salvo que iso resulte imposible por circunstancias extraordinarias de carácter técnico. A Deputación Provincial de Ourense ofrecerá na súa páxina web un xestor que permita a procura, recuperación e impresión das disposicións, actos e anuncios, publicados no BOP. Así mesmo, conservarase un arquivo histórico e gratuíto destinado á cidadanía a efectos de mera consulta, efectos académicos e de investigación.

2. Para os efectos establecidos neste artigo, a Deputación Provincial de Ourense prestará os seguintes servizos:

a) Asistir aos cidadáns, de forma gratuíta, na procura das disposicións, actos e anuncios publicados neste Boletín.

b) Facilitarlles aos cidadáns a consulta do «Boletín Oficial» da provincia en soporte dixital.

c) Facilitar o contido das disposicións, actos e anuncios publicados no «Boletín Oficial» da provincia en soporte papel nos casos de persoas de especial vulnerabilidade ou discapacidade ou que non estean obrigadas a relacionarse electronicamente coa administración, procedendo o pagamento da taxa correspondente prevista na ordenanza fiscal.

3. Así mesmo, a Deputación Provincial poderá habilitar puntos de información de acceso universal e gratuíto para os efectos de que poida efectuarse a consulta electrónica do «Boletín Oficial» da provincia, mediante a instalación dos correspondentes terminais informáticos. Esta consulta incluírá a posibilidade de realizar procuras.

#### **Disposición adicional primeira.**

Habílítase á Presidencia para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións da presente Ordenanza e para que poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico do servizo.

#### **Disposición adicional segunda.**

Para todo o non previsto na presente ordenanza, estarase ao que dispón a Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias, e o resto de normas legais ou regulamentarias que resulten de aplicación.

#### **Disposición final.**

Coa entrada en vigor da presente Ordenanza, que se producirá unha vez aprobada definitivamente polo pleno provincial, publicada no BOP e na sede electrónica, e transcorridos os prazos previstos no artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, queda derogada a regulación provincial anterior (BOP núm. 205 de data 05.09.2008).

**2º.- Publicar o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos oportunos.**

**6º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2024.**

O debate deste punto ten lugar conxuntamente co punto seguinte, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces, e trala ratificación previa da inclusión do asunto na orde do día o Sr. secretario expón o contido das distintas propostas da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de José María Lago Cabo, do Grupo Popular, indica que se trata de ratificar asuntos xa aprobados na asemblea deste consorcio adscrito á Deputación Provincial, pasando a resumir brevemente o contido de ámbalas dúas propostas

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, intervén para sinalar que lle chama a atención a porcentaxe dos gastos de persoal deste consorcio en comparación cos da Deputación. Respecto á revogación de competencias indica que a proposta da Presidencia recolle unha proposta técnica polo que votarán a favor dela.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, sinala que votarán abstención no punto 6º e a favor no punto 7º. Engade que este orzamento do Consorcio deu problemas en anos anteriores tendo que a Deputación que facer maiores achegas a este, se ben agora parece que esta problemática está solucionada.

1ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, manifesta que este Consorcio en opinión xeral dos alcaldes e alcaldesas desta comarca está a funcionar de xeito razoablemente ben se ben hai pequenas cuestións que mellorar. Engade que igual se bota de menos algún investimento por parte da Deputación, e para finalizar sinala que o seu grupo votará abstención no relativo ao orzamento, para así manter o mesmo criterio de voto que co orzamento da Deputación, e votarán a favor do punto sétimo relativo á revogación de competencias.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 6 e 7](#)

Non se producen máis intervencións e, previa ratificación da inclusión deste punto na orde do día por maioría, e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de DO (3) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento do Consorcio de Augas de Valdeorras para o exercicio 2024, conforme co proxecto aprobado pola Asemblea do Consorcio o 11 de decembro de 2023, por importe de 1.755.000,00 euros, co seguinte resumo por capítulos:

**Estado de gastos:**

Capítulo 1.- Gastos de persoal, 416.208,71 euros.

Capítulo 2.- Gastos bens correntes e servizos, 1.337.291,29 euros.

Capítulo 3.- Gastos financeiros, 1.500 euros.

**Total gastos: 1.755.000,00 euros.**

**Estado de ingresos:**

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos, 1.755.000,00 euros.

**Total ingresos: 1.755.000,00 euros.**

O dito orzamento intégrase no orzamento xeral da Deputación Provincial para todos os efectos.

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerarase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para revolverlas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2024.

**7º.- REVOGACIÓN DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN E REVISIÓN DOS ACTOS DITADOS DA TAXA POR DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DOS MUNICIPIOS DA COMARCA DE VALDEORRAS RELATIVA AO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS.**

A deliberación deste punto tivo lugar coa do punto 6, trala ratificación previa da inclusión do asunto na orde do día, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a revogación parcial da delegación do Consorcio de Augas de Valdeorras na Deputación Provincial de Ourense do exercicio das competencias de recadación e revisión dos actos ditados da taxa por depuración de augas residuais dos municipios da comarca de Valdeorras no sentido de que o Consorcio asumirá directamente estas funcións no termo municipal do Barco de Valdeorras para as taxas devindicadas a partir do 1 de xaneiro de 2024. Todo o devindicado con anterioridade á dita data será liquidado e recadado, tanto en voluntaria como en executiva, pola Deputación Provincial de Ourense, así como tramitar os procedementos de revisión dos ditos actos.

## **8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR O MANTEMENTO E REFORZO DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DO LIXO PRESTADO POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, fai uso da palabra para expoñer o contido da moción do seu grupo na que indica que todos os municipios deben prestar o servizo de recollida de residuos e, no caso dos concellos con máis de 5.000 habitantes, tamén hai que garantir o tratamento dos detritos, segundo estipula o artigo 26 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local. No particular caso da nosa provincia a acción de Deputación de Ourense entóxase, xa que a meirande parte de entidades locais teñen moi pouca poboación, contando 68 dos 92 concellos con menos de 2.000 habitantes, o cal redunda no limitado dos seus recursos, imposibilitando que poidan asumir eles mesmos a recollida e tratamento de residuos. Actualmente, 74 concellos, é dicir, un 80% dos municipios ourensáns, onde viven algo máis de 200.000 veciños, dependen deste servizo de recollida e transferencia de lixo en réxime de competencia delegada. Amais, a Deputación de Ourense ocúpase da recollida selectiva de envases lixeiros nunha vintena de concellos, de papel e cartón en até seis e de vidro en outros nove, asumindo o servizo de Punto Limpo nun total de 64 municipios. Os medios materiais propios dispostos desde o mesmo inicio da prestación do servizo ascenden a uns 40 vehículos, 18.000 contedores, 11 plantas de transferencia e 19 Puntos Limpos. Co voto favorable de PP, DO e unha deputada non adscrita, no pleno de decembro de 2021 aprobouse o “cambio do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense”. Os argumentos esgrimidos para xustificar o cambio no modelo de xestión foron de natureza eminentemente política, non sendo concluíntes sucesivos informes sobre os supostos beneficios para a veciñanza, os traballadores, nin a prol dunha mellor sustentabilidade económica, nin un incremento da eficacia e eficiencia a través en virtude do cambio de modelo no servizo. O Grupo Provincial Socialista é contrario a calquera intento de converter este servizo público nun negocio privado a través da súa adxudicación a unha sociedade mercantil, significando o empeoramento do servizo, o deterioro das condicións dos traballadores e mesmo o encarecemento da prestación para as arcas públicas. Calquera intento de privatización redundará nun recorte das prestacións percibidas por dous terzos dos habitantes da provincia, involucrando novos prexuízos para os concellos afectados, sendo os únicos beneficiarios aqueles operadores económicos que decida o goberno provincial. Desde o PSdeG-PSOE

defendemos que o modelo máis acaído co interese xeral é o de xestión directa á luz das súas vantaxes certas e probadas en termos de eficacia, eficiencia, custo e beneficios sociais e medioambientais. É fundamental reforzar este servizo a través dun pulo público, e non a través da imposición dun carácter mercantil ao mesmo, con ánimo de lucro, menos transparente, menos sostible e nada participativo. Porque a principal preocupación da Deputación de Ourense ten que ser velar polo dereito da veciñanza a unha recollida de lixo eficiente, estable e sustentable, independentemente do concello onde residan, garantindo en todo momento un servizo público de calidade. Para rematar sinala que debe superarse a fórmula actual de reparto de custos exclusivamente en función da poboación do concello e debe irse cara criterios que recollan o esforzo cidadán e o esforzo de cada concello no avance cara os obxectivos sostibles, tendo en conta parámetros como as de porcentaxe reciclaxe ou de redución de lixo. Os concellos non temos incentivo ningún para fomentar a dita reciclaxe e indudablemente require investimentos como os sistemas de pesado de contedores, software de xestión de flotas e outros que permitan en tempo real coñecer a información procesada que facilite a toma de decisións para un servizo máis eficiente. Tamén queren trasladar con esta moción a necesidade de que non se trasladen todos os costes aos concellos e algunha porcentaxe sexa asumida pola propia Deputación. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: 1. Instar ao goberno do Partido Popular a un compromiso categórico para desbotar calquera iniciativa dirixida á privatización do servizo de recollida e tratamento de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada, apuntalando o seu carácter público e non mercantil, sen ánimo de lucro, transparente, sustentable e que faga plenamente efectivo o dereito a unhas prestacións suficientes, estables, eficaces e eficientes. 2. Instar ao goberno do Partido Popular a paralizar calquera decisión que implique retrocesos no servizo de recollida e tratamento de residuos, a súa privatización ou externalización, que puideran implicar un deterioro nas prestacións ofrecidas e un encarecemento do custo para a veciñanza. 3. Instar ao goberno do Partido Popular a avanzar cara o reforzamento do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada con vistas a ampliar as prestacións ofrecidas á veciñanza, independentemente do seu concello de residencia, e tamén para garantir unhas mellores condicións laborais aos traballadores afectados a este servizo.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, comeza a súa intervención sinalando que o portavoz do grupo socialista se posicionou contra a privatización dos servizos pero como se fose unha especie de dogma de fe, e de forma categórica, afirmando que lle sorprenden esas afirmacións sen achegar ningún argumento nin estudo para categorizar as ditas afirmacións,

polo que lle pide que sexan máis rigorosos e se deixen de axiomas. Nós pensamos que cada caso e cada servizo debe estudarse con calma, e que non se debe criminalizar ás empresas. Moitos concellos do partido socialista teñen privatizado o servizo de recollida do lixo, polo que non comparte o que se dixo por este grupo. Insiste en que hai que analizar cada caso concreto, cada servizo, e cada concello. Remata indicando que o seu grupo se vai abster, e insiste en que se debe estudar este servizo con moita calma e deixando de lado os axiomas e os dogmas. A calidade do servizo pasa porque muden os hábitos sociais da veciñanza, á marxe de que o servizo de xestione de forma directa ou indirecta.

1ª intervención de María Mangana Guede, do BNG, comeza indicando que a postura do BNG con respecto da privatización de calquera servizo sempre vai ser a favor dos servizos públicos de xestión pública, polo que van votar a favor das propostas recollidas nesta moción. Lembra que este servizo abrangue a 2/3 da provincia e a unha poboación aproximada de 200.000 veciños e veciñas. Insiste en que estamos ante un servizo que funciona razoablemente ben e así o manifestan a maioría dos concellos, polo que non temos porque mudar o seu modo de xestión, senón que o que temos que facer é reforzalo. A privatización supón que unha empresa trate de gañar cartos, e isto non é discutible, e moitas veces se gañan cartos baixando en dereitos dos traballadores, reducindo cadros de persoal, ou empeorando os servizos e facéndoos menos efectivos, tal e como está pasando coa xestión da sanidade. O que funciona non se cambia, só se reforza.

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, nesta quenda afirma que o novo grupo de goberno ten un novo posicionamento respecto deste servizo, apostando pola xestión directa, reforzándoo, se ben entenden que como informan os técnicos que o xestionan, é necesario unha reformulación deste. Agradece que o grupo proponente aceptase a modificación dos termos iniciais da moción para poder apoiala, tal e como se pediu na xunta de portavoces. Neste sentido lembra que hai algunha parte do servizo que é preciso externalizar, como pode ser o tratamento de residuos, ou a xestión de puntos limpos, e insistindo en que externalizar non é privatizar. É certo que por coherencia política debemos trasladarlle isto a moitos alcaldes dos grupos socialista ou do BNG, que teñen privatizado este servizo. Insiste en que a xestión do persoal nun servizo como este fai difícil a súa xestión directa, e lembra que a Deputación xa está a asumir unha parte do custo deste servizo, e que a taxa que se está a cobrar a veciñanza é bastante baixa, e que é probable que haxa que subir a repercusión na veciñanza das taxas por este servizo. Lembra tamén as campañas de compostaxe que está a facer a Deputación desde hai xa varios anos, así como a xestión da flota da que tamén se falou.

2ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza indicando que o informe ou estudo que motive a decisión sobre a xestión do servizo xa o hai, e lembra que o informe da dirección da área de medio ambiente da Deputación con motivo do acordo do cambio do modo de xestión xa dicía que a xestión indirecta incrementaba o custo do servizo nun sete por cento. Ese informe indicaba tamén que tiñamos que reducir contedores, e facía referencia á necesidade de contedores de maior tamaño. En todo caso, lembra tamén a importancia da autonomía municipal, e que a Deputación o que debe facer é un servizo provincial máis atractivo para os concellos, para que estes deleguen este servizo na propia Deputación. As novas directrices da UE van obrigar a novos investimentos neste servizo, polo que expón que sexa a propia Deputación a que asuma a súa amortización.

2ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, comeza insistindo en que esta clase de decisións requiren de estudos en tempo real, xa que a sociedade cambia de xeito rápido, e non se pode un aferrar a informes de hai anos. O BNG e moitas veces o PSOE criminalizan aos empresarios, e se gaña cartos parece que unicamente é reducindo dereitos, cando o que fan é xestionar ben na maioría dos casos. Nós non somos tan dogmáticos e non criminalizamos aos empresarios, e iso non ten nada de malo e é a dinámica da sociedade na que vivimos. Remata indicando que o seu grupo se vai abster e insiste na importancia da concienciación da veciñanza para que a sociedade cambie certos ámbitos que axuden a que o servizo sexa máis sostible. Por último indica que parece que o grupo popular se está entregando nos brazos no PSOE.

2ª intervención de María Mangana Guede, do BNG, indica que efectivamente se están a facer campañas a favor da reciclaxe, pero insiste na súa importancia e na necesidade de crear un servizo de policía medio ambiental. O servizo público non ten porqué ser rendible economicamente, polo que non ve tan necesario que se teña que incrementar a taxa do servizo. Engade que o BNG non está en contra das empresas e dos empresarios pero hai servizos que son públicos e deben ser de xestión pública, debendo ser as AAPP as que asuman determinados costes, sendo o mellor exemplo a sanidade, que debe ser sempre e en todo caso de xestión pública.

2ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, comeza indicando que a Deputación xa está asumindo moitos investimentos neste servizo e achega fondos propios, xa que estamos diante dun servizo claramente beneficiario, xa que as taxas en ningún caso cobren o custo deste servizo. Lembra que se pagan menos de cinco euros por vivenda. Insiste en que o cambio de grupo de goberno implica unha nova valoración sobre este servizo, e que non existe ningunha incoherencia, xa que desde o principio do mandato estaba esta postura enriba da mesa.

Quenda de peche de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, na que indica que o artigo 85.2 da Lei reguladora das bases de réxime local indica respecto á xestión dos servizos que a decisión debe facerse sobre criterios de sustentabilidade e eficiencia en sentido amplo e fuxindo dunha análise exclusivamente económica. Este artigo debe terse presente tanto para gobernar nesta Deputación como nos concellos. Remata indicando que malos políticos seríamos senón puidésemos mudar as nosas decisións con base en diversas circunstancias ou motivos. Para rematar procede a dar lectura á carta que escribe ao “Apalpador” para pedir un futuro mellor para todos nós, pedindo valentía para asumir os novos retos.

Intervención do Sr. presidente, para sinalar que comparte o contido da “carta ao Apalpador” do portavoz do grupo socialista. Insiste en que non é o mesmo a xestión indirecta ou a externalización, que pasar o servizo ao sector privado, e que isto é o que nunca se formulou nesta Deputación. Este servizo admite as dúas formas de xestión, directa ou indirecta, e moitas administracións de diferentes cores políticas optan por unha ou outra. Esta Presidencia desde un principio entende que non é o momento para o cambio de xestión deste servizo, e que esta decisión xa fora trasladada aos traballadores deste servizo, polo que non se vai avanzar na xestión indirecta deste. Lembra que é un servizo que unicamente presta esta Deputación na nosa Comunidade Autónoma, e ademais o fai de xeito directo. Por último lembra de novo as importantes campañas de composteiros e de fomento da reciclaxe que promove esta Deputación.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3) e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao goberno do Partido Popular a un compromiso categórico para desbotar calquera iniciativa dirixida á privatización do servizo de recollida e tratamento de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada, apuntalando o seu carácter público e non mercantil, sen ánimo de lucro, transparente, sustentable e que faga plenamente efectivo o dereito a unhas prestacións suficientes, estables, eficaces e eficientes.
2. Instar ao goberno do Partido Popular a paralizar calquera decisión que implique retrocesos no servizo de recollida e tratamento de residuos, a súa privatización ou externalización, que puideran implicar un deterioro nas prestacións ofrecidas e un encarecemento do custo para a veciñanza.

3. Instar ao goberno do Partido Popular a avanzar cara o reforzamento do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada con vistas a ampliar as prestacións ofrecidas á veciñanza, independentemente do seu concello de residencia, e tamén para garantir unhas mellores condicións laborais aos traballadores afectados a este servizo.

### **9º.- MOCIÓN DO BNG A PROL DOS POLÍGONOS EMPRESARIAIS.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, procede a dar lectura á iniciativa política do seu grupo na que sinala que a área leste periurbana industrial de Ourense está constituída, basicamente, polos 3 polígonos industriais de Barreiros e San Cibrao- no que se inclúen o Centro de Transportes e o Parque Tecnolóxico- (no concello de San Cibrao das Viñas) e o do concello do Pereiro de Aguiar. Supoñen estas zonas industriais máis 3,5 millóns de metros cadrados de solo dispoñible e na que se asentán máis de 700 empresas con máis de 9.000 persoas traballando. Pero a evolución destas zonas desde a súa creación até hoxe é evidente. No século XXI aspectos como o medio ambiente, a cooperación e a planificación sostible, pasan a ser factores moi relevantes na organización empresarial. O obxectivo do medre industrial xa non é abondo. Á investigación e promoción de actividades industriais compre engadirille, non só diagnósticos ambientais e sociais, senón establecer un programa de accións a curto e medio prazo que garantan o equilibrado desenvolvemento das zonas industriais. As vías de comunicación rápida, estradas e ferrocarril, implementadas nos últimos tempos, precisan dunha reorganización estratéxica profunda. Outras infraestruturas básicas deben ser acometidas de inmediato. E esa planificación corresponde a partes iguais aos actores interesados nela: empresas, traballadores e administracións públicas. A diagnose das necesidades está feita. As organizacións que integran empresas destas áreas industriais, a través dun diálogo constante, teñen analizado as necesidades de presente e futuro. O mesmo acontece coas organizacións sindicais representativas do corpo social asalariado. Pola parte que corresponde ás distintas administracións: Concellos, Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Goberno Central, non cabe o descoñecemento da situación, nin por activa nin por pasiva. Son perfectamente coñecedores das alternativas expostas desde hai anos. “ Os tempos son chegados”. É o momento de actuar sen dilacións. Moitas das actuacións propostas, por desgraza, xa chegan tarde e condicionan e limitan o desenvolvemento económico da provincia de Ourense. De conformidade co establecido no artigo 36 LRBRL, as Deputacións Provinciais, teñen entre as súas atribucións: “ A cooperación no fomento do desenvolvemento económico

e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas nese ámbito”. É por elo que se somete a consideración unha proposta integral de diversas actuacións estratéxicas para que, a poder ser froito do consenso, sexan asumidas polas distintas administracións co obxectivo de darlle viabilidade ao desenvolvemento das zonas industriais do leste de Ourense. ACORDOS: 1.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense asume a apoia ás seguintes demandas: a) Necesidade dunha nova depuradora de augas residuais. A actual foi deseñada en 1997 para un escenario que en nada se parece ao actual. A problemática fundamental ven dada polos vertidos recorrentes ao río Barbaña e que teñen suposto importantes sancións aos concellos nos que se localizan estes parques empresariais. Polo tanto faise precisa a dotación do orzamento necesario para a execución do proxecto (inicialmente de 30 M€) e que cumprirá reavalizar. b) Ampliación de oferta de espazo empresarial no de San Cibrao (aprox. 400.000 m<sup>2</sup>) e Pereiro de Aguiar (aprox. 200.000 m<sup>2</sup>), e novo espazo (aprox. 1,1 Mm<sup>2</sup>) no concello de Paderne de Allariz. c) Conexión viaria entre parques, que conecte a cidade transporte, a zona leste e sur. É dicir, remate da conexión da VG-3.1 coa OU101. d) Estación ferroviaria de mercadorías. Considerado un proxecto estratéxico que non só suporía unha importante mellora para as empresas existentes e futuras, senón tamén un importante aforro enerxético e económico, diminución de tráfico pesado e polo tanto de accidentes, e por suposto, menores custes de mantemento da rede viaria. Elaboración e desenvolvemento dun proxecto de remodelación, mantemento e acondicionamento básico de viarios e canalizacións. Existe xa unha memoria que cuantifica en 14 M€ as mínimas e necesarias reformas. f) Posta en marcha dun plan de Transporte Metropolitano (que inclúa liña de “metro en superficie” entre as estacións de Empalme e San Francisco co polígono San Cibrao) que conecte a cidade e concellos limítrofes cos polígonos empresariais co duplo obxectivo de dar servizo, fundamentalmente ás persoas que alí traballan e ao mesmo tempo contribuír á diminución do tráfico de vehículos privados, coa correspondente mellora medioambiental. g) Completar servizos que permita unha mellora en medidas de conciliación laboral. 2.- Remitir ás distintas administracións estas mesmas demandas co obxectivo de que sexan asumidas na medida que corresponda ás súas competencias. 3.- Creación dunha Mesa de Traballo entre as distintas administracións e actores implicados (empresariado e organizacións sindicais) co obxectivo de facer un seguimento da posta en marcha das actuacións propostas. Por último indica que tal e como se pediu por algún grupo político na xunta de portavoces, aceptan que se vote esta moción por puntos, sen prexuízo de tratar de convencer á corporación provincial neste debate de que se apoie toda a moción e todos os seus puntos.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, intervén para sinalar que practicamente concordan co texto desta moción. Na exposición de motivos coinciden case na súa totalidade, e no relativo ás propostas de acordo, indica que a posible discrepancia estaría no punto terceiro da mesma, no relativo á creación dunha mesa de traballo. Nós temos comprobado na práctica empírica, e que estas mesas de traballo non serven para tomar decisións, e que estas deben ser asumidas polos gobernos correspondentes sen delegar a súa responsabilidade nesta clase de mesas de traballo. Insiste en que a evidencia empírica dinos que este tipo de mesas non soen funcionar, polo que non van apoiar este punto da moción do grupo do BNG.

1ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, comeza sinalando que o título da moción do BNG fai pensar que iamos falar da totalidade das áreas empresariais da provincia, pero logo a moción límitase aos de San Cibrao das Viñas e O Pereiro de Aguiar. A moción recolle unha serie de peticións moi acaídas e dirixidas a distintas administracións públicas. Vemos como as demandas que figuran na moción, supoñemos que consensuadas cos representantes dos empresarios, son na súa parte competencias municipais. Respecto á conciliación sinala que o concello de San Cibrao das Viñas conta cos dúas escolas infantís, polo que non sabe se serán ou non suficientes para a conciliación. No concello do Pereiro de Aguiar existe unha escola infantil. Indica que tamén son precisos centros de día para que a inserción laboral das mulleres sexa plena e efectiva. Hai outras peticións dirixidas á Xunta de Galicia para ampliación de viarios ou o plan de transporte metropolitano, e que deberían estar recollidas nos orzamentos que a Xunta de Galicia acaba de aprobar. Para o goberno do Estado están as peticións relativas á estación de mercadorías e da nova depuradora, e de ambos existe xa tramitación da Administración Xeral do Estado. Todas estas propostas seguro que son moi necesarias pero saiban vostedes que non son todas as necesidades das áreas industriais da nosa provincia, como son O Carballiño, O Barco de Valdeorras ou Xinzo de Limia, entre outros.

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza sinalando que as eleccións á Xunta de Galicia están convocadas, e é cando o BNG soe presentar este tipo de iniciativas, pero insiste en que cos empresarios hai que falar e escoitalos sempre, non só en época electoral. As áreas industriais que aparecen recollidas na moción teñen unhas necesidades que todos coñecemos e que aparecen en maior ou menor medida recollidas na moción. Respecto ao punto terceiro da moción, e como xa sinalou nas comisións informativas, e mesa de traballo “Ourense industrial” está creada polos empresarios desde o ano 2020, pero o resultado desta é que é imposible xuntar a todas as AAPP, sendo o seu resultado malo, xa que só se reuniu unha vez. Opina que a petición sobre a mesa de traballo non é axeitada, e por esa razón pediron a votación por puntos da moción. Respecto á petición relativa á depuradora sinala que é unha obra moi

complexa que quedou adxudicada en 2017, e o retraso é inxustificable, xa que non está nin rematado o estudo de impacto ambiental. Agarda que teñamos rápida resposta para que esta obra se poida licitar canto antes, xa que a Administración promotora da obra, que é o Estado, segue a impoñer sancións e multas ao concello titular da autorización de vertido, o que resulta moi complicado de entender. A ampliación do polígono industrial está en marcha e se recolle nos orzamentos aprobados pola Xunta de Galicia, e está en marcha a urbanización deses terreos tanto en San Cibrao das Viñas como no Pereiro de Aguiar. A conexión viaria entre parques está solicitada pero é responsabilidade tanto da Xunta como do Estado, lembrando que a Xunta pediu fondos europeos para esta infraestrutura pero se lle negaron. No relativo á estación de mercadorías lembra que o goberno do Estado non cumpre cos acordos do propio Parlamento, xa que se aprobou unha iniciativa para facer un estudo para esta infraestrutura, e nada se fixo. Este goberno do Estado, que incumpe estes acordos, non soe vir ás mesas creadas polos empresarios, mentres que a Xunta de Galicia si que comparece. Respecto á elaboración dun proxecto de remodelación sinala que tamén desde o concello agardábamos poder presentarnos a fondos europeos pero non hai liñas nin cartos para concellos e propostas deste tipo. O plan de transporte metropolitano consta co apoio absoluto do grupo de goberno desta Deputación, xa que é unha necesidade de toda a área metropolitana de Ourense, que deberíamos sacar adiante máis pronto que tarde. Respecto ás solicitudes de conciliación sinala que as garderías de 0 a 3 anos está cuberta, xa que non se cobren todas as prazas, e que quizás o que non está tan cuberto son as idades ata os 12 anos, e onde temos que mellorar entre todos a oferta existente en materia de conciliación.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, nesta quenda manifesta que indo por puntos no primeiro indicar que desde o BNG respectamos á empresa privada e lembra que no concello de Allariz foi o propio concello o que promoveu a creación da área empresarial e a executou directamente e sen axudas doutras administracións públicas, e que hoxe conta cos case cincocentos postos de traballo nese polígono. Por suposto que poderíamos falar de todas as áreas empresariais da provincia, pero neste caso centrámonos na máis importante da provincia e do país, de aí a importancia de incidir no transporte metropolitano, onde concello e Xunta de Galicia se botan a culpa mutuamente. Visto este debate parece que a mesa da que falamos non dá lugar a ningún tipo de confrontación, xa parece que todos concordamos na diagnose, e podería permitir un mellor seguimento de todas as actuacións, e coa participación de todas as AAPP implicadas. Agradece a predisposición de todos os grupos e o apoio a case todas as propostas de acordo da moción.

2ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, sinala que se os membros da mesa xa están de acordo non faría falta tal mesa. Sinala que os puntos primeiro e segundo lle parecen oportunos polo que os van apoiar na votación, e respecto ao terceiro xa manifestaron as súas dúbidas. Como exemplo lembra a caída da ponte no concello do Bolo, e como se creou unha mesa de traballo entre todas as AAPP con competencias, e a CH do Miño-Sil nin compareceu para unha cousa tan obvia.

2ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, fai uso desta quenda para apuntar que ao respecto do punto terceiro, eles si están de acordo porque estas mesas de traballo tratan de buscar o consenso, e moitas veces o goberno non se senta pero si está, lembrando que o Goberno do Estado acaba de aprobar un investimento de trinta e cinco millóns de euros para os regadíos da comarca da Limia. Respecto ao retraso para a adxudicación da depuradora, indica que o que estaban adxudicados eran os fondos, non a obra, e que os retrasos nada teñen que ver coas cores políticas e si con cuestións técnicas. Remata indicando que o grupo socialista vai apoiar a moción na súa totalidade.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, reitera que coñece perfectamente o funcionamento da mesa “Ourense industrial” e que foi un verdadeiro fracaso. Insiste en que a estación de mercadorías conta cun mandato do Parlamento para facer un estudo, e o Goberno do Estado négase a impulsalo, polo que pide respecto institucional. Efectivamente en 2017 se adxudicaron os fondos para a nova depuradora, pero transcorreron sete anos e os avances son practicamente nulos. Insiste en que a parte importante da moción son os dous primeiros puntos e os van apoiar, e que o BNG constantemente co seu discurso no Parlamento de Galicia desde a oposición demoniza á empresa privada.

Quenda de peche de Bernardo Varela López, do BNG, intervén para sinalar que non agardaba ter que defender nesta moción que o BNG non ten ningún problema co empresariado, lembrando que Ana Pontón estivo recentemente de visita en FINSA ou INDITEX, e que parece que iso lle molestou ao grupo do PP. A partir de aí a moción ten un sentir claro e que vai ser aprobada por este plenario na súa maioría, agradecendo o voto favorable dos grupos políticos desta corporación.

Intervención do Sr. presidente, para apuntar que o Concello do Pereiro de Aguiar, con fondos municipais, sostén un aula de conciliación gratuíta con máis de 150 nenos e nenas ata os doce anos. Polo demais todos estamos de acordo coa parte importante da moción para mellorar estas áreas industriais de Ourense. Sobre o transporte metropolitano debe quedar claro que se deben estender as liñas que se poidan do concello de Ourense aos concellos limítrofes, e para iso temos que implicarnos todos, e para iso o concello de Ourense ten que licitalo nesas condicións,

e a Xunta de Galicia autorizar as liñas intermunicipais, e os concellos limítrofes e outras AAPP colaborar no que se poida. A Deputación pode prestar colaboración para a elaboración técnica do expediente de contratación, mediar coa Xunta de Galicia, e prestar asistencia económica aos concellos con menos recursos e menor capacidade. Este asunto, que é transcendente para a provincia, debe saír adiante coa axuda de todos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

De conformidade co desenvolvemento do debate acordouse votar a moción por puntos, co seguinte resultado:

Puntos 1º e 2º aprobados por unanimidade.

Punto 3º, rexeitado ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de DO (2).

Polo exposto, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense asume e apoia as seguintes demandas: a) Necesidade dunha nova depuradora de augas residuais. A actual foi deseñada en 1997 para un escenario que en nada se parece ao actual. A problemática fundamental ven dada polos vertidos recorrentes ao río Barbaña e que teñen suposto importantes sancións aos concellos nos que se localizan estes parques empresariais. Polo tanto faise precisa a dotación do orzamento necesario para a execución do proxecto (inicialmente de 30 M €) e que cumprirá reevaluar.

b) Ampliación de oferta de espazo empresarial no de San Cibrao (aprox. 400.000 m<sup>2</sup>) e Pereiro de Aguiar (aprox. 200.000 m<sup>2</sup>), e novo espazo (aprox. 1,1 m<sup>2</sup>) no concello de Paderne de Allariz.

c) Conexión viaria entre parques, que conecte a cidade transporte, a zona leste e sur. É dicir, remate da conexión da VG-3.1 coa OU101.

d) Estación ferroviaria de mercadorías. Considerado un proxecto estratéxico que non só suporía unha importante mellora para as empresas existentes e futuras, senón tamén un importante aforro enerxético e económico, diminución de tráfico pesado e polo tanto de accidentes, e por suposto, menores custos de mantemento da rede viaria.

e) Elaboración e desenvolvemento dun proxecto de remodelación, mantemento e acondicionamento básico de viarios e canalizacións. Existe xa unha memoria que cuantifica en 14 M€ as mínimas e necesarias reformas.

f) Posta en marcha dun plan de transporte metropolitano (que inclúa liña de “metro en superficie” entre as estacións de Empalme e San Francisco co polígono San Cibrao) que conecte a cidade e concellos limítrofes cos polígonos empresariais co duplo obxectivo de

darlles servizo, fundamentalmente, ás persoas que alí traballan e ao mesmo tempo contribuír á diminución do tráfico de vehículos privados, coa correspondente mellora medioambiental.

g) Completar servizos que permitan unha mellora en medidas de conciliación laboral.

2.- Remitirilles ás distintas administracións estas mesmas demandas co obxectivo de que sexan asumidas na medida que corresponda ás súas competencias.

3.- Creación dunha mesa de traballo entre as distintas administracións e actores implicados (empresariado e organizacións sindicais) co obxectivo de facer un seguimento da posta en marcha das actuacións propostas.

### **10º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA REPARTO IGUALITARIO E EQUITATIVO DE FONDOS AOS CONCELLOS PERTENCENTES ÁS CONFEDERACIÓNS HIDROGRÁFICAS MIÑO, SIL E DOURO.**

A esta moción presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Socialista e outra do BNG.

A Presidencia cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Ana Patricia Tores Madureira, do Grupo Popular, procede a dar lectura á iniciativa política do seu grupo na que se sinala que as Confederacións hidrográficas foron creadas no ano 1926, tanto por razóns técnicas como políticas, coa máxima autonomía dentro do marco do Estado, achegándose moito ao que hoxe consideramos “desenvolvemento sostible”, dada a súa planificación integral baseada na unidade funcional da auga ou o seu marco xeográfico, a autonomía de xestión, e a participación dos usuarios. Son os organismos encargados da xestión das superficies de terreo cuxa escorrentía superficial flúe na súa totalidade a través dunha serie de correntes, ríos e lagos cara ao mar por unha única desembocadura, estuario ou delta que discorren por unha ou máis comunidade autónoma (Concas Hidrográficas). Os organismos de conca, coa denominación de Confederacións Hidrográficas, son organismos autónomos da Administración Xeral do Estado con personalidade xurídica propia e distinta do Estado. Adscribíense ao ministerio que exerce, en cada momento, as competencias en materia de medio ambiente. Na actualidade están adscritas ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da Dirección Xeral da auga. Entre as funcións que teñen atribuídas destacan as seguintes: A tramitación e seguimento de autorizacións e concesións no dominio público hidráulico e as súas zonas de protección (servidume e policía). -A inspección e vixilancia do dominio público hidráulico e as súas zonas de protección. -Control do estado e a calidade dos nosos ríos e augas subterráneas. -A realización de estudos hidrolóxicos e a subministración de información hidrolóxica. -A

programación e execución de obras hidráulicas e de mellora do dominio público hidráulico. No caso de obras nas que o Organismo de conca non é competente, como saneamento, abastecemento ou defensa contra inundacións, trátase como obras declaradas de interese xeral do Estado. -A planificación hidrolóxica, que é a principal ferramenta para a xestión dos recursos hídricos e para lograr o bo estado dos nosos ríos e augas subterráneas, seguindo as directrices da Directiva Marco da auga. -A realización de actuacións en materia de avaliación e xestión do risco de inundación, entre as que se inclúen: labores de diagnóstico do risco de inundación, labores predictivas ante situacións de avenida, inundacións e traballos de axuda á toma de decisión en coordinación con outras autoridades competentes na adopción de medidas de prevención e protección. -A prestación de toda clase de servizos técnicos relacionados co cumprimento dos seus fins específicos e cando lles fose solicitado, o asesoramento á Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais e demais entidades públicas ou privadas, así como aos particulares. A meirande parte destas funcións vense actualmente desvirtuadas polo reparto inxusto e arbitrario dos seus fondos, facendo un uso partidista dos mesmos sendo destinados a actuacións que pouco ou nada teñen que ver co anteriormente descrito. Tamén o deixamento nalgunha das súas funcións básicas, como é o mantemento e coidado dos cursos e marxes dos ríos, o que fai que en situacións de temporais, como os que estamos vivindo ultimamente, nos que os caudais vense incrementados de maneira substancial, se produzan situacións de asolagamentos, o que leva emparellado o arrastre de arbores e outros materiais, facendo que os danos producidos sexan moi cuantiosos. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes **ACORDOS:** 1.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e a Confederación Hidrográfica do Douro a un reparto igualitario e equitativo de fondos a todos os concellos pertencentes a cada conca. 2.- Instar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a unha revisión, e nos casos que sexa posible, a unha simplificación de burocracia para dar maior axilidade coas autorizacións sectoriais dependentes deles. 3.- Instar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a axilizar os traballos de limpeza dos leitos e marxes dos ríos, dado o seu estado de abandono polo seu escaso mantemento. 4.- Instar á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro á axilización do procedemento correspondente en canto aos plans básicos municipais que están en tramitación actualmente, facendo posible contar con estes instrumentos urbanísticos fundamentais para os concellos que están a sufrir grandes retrasos derivados da lentitude coa que as confederacións hidrográficas realizan ditos procedementos.

Indica que na súa opinión, a CH do Miño-Sil nesta provincia é a administración máis sectaria coa que nos atopamos os que gobernamos día a día, salvo si eres do PSOE. Parece que somos a provincia con máis ríos subterráneos, xa que si vemos a memoria anual do ano 2021, só se inviste en concellos gobernados polo PSOE, e procede a relatar algúns exemplos: se vemos o río Arenteiro que pasa por varios concellos, a CH só inviste cartos no Concello de O Carballiño; o río Avia que pasa por varios concellos, a CH só inviste cartos nos concellos de Melón e Ribadavia; o río Barbantiño, que pasa por varios concellos, e a CH só inviste cartos nos concellos de Amoeiro e Maside; o río Miño, que pasa por varios concellos tamén e se invisten cartos soamente en Coles e Barbadás, e tamén cun investimento mínimo no concello de Ourense, o río Arnoia, que transcorre por varios concellos e unicamente este organismo inviste nos concellos de Sandiás e Maceda, este si gobernado polo PP e que é xunto con outro a única excepción ... Desta memoria resulta que os concellos gobernados polo PSOE, que representan o 29% dos da provincia, reciben máis do 70 % dos investimentos deste organismo, os do PP que representan o 59 % do total reciben só o 15 % dos investimentos, os independentes representan un 8 % reciben un 5 % de investimentos, e os do BNG que representan un 5 % reciben un 5 %. Logo hai casos xa moi chamativos de sectarismo que son os convenios aprobados antes da chegada do actual Presidente, o señor Quiroga, como é o caso do concello de Bande gobernado polo PP, e no que se procede á súa anulación por parte da CH, e unicamente a intervención da deputada do PP Ana Vázquez co Ministerio, conseguiu que este convenio se volvесе a reactivar. Outro caso é o do Concello de San Xoán de Río, que mentres goberna o PSOE asina convenios, e cambio muda o goberno deixa de asinalos. Por outra parte a tramitación de permisos e autorizacións neste organismo se dilatan no tempo cunha tramitación e burocracia que fai moi difícil a execución de moitos proxectos. Por último sinala que moitos concellos teñen paralizados os instrumentos de planeamento polos informes deste organismo, mentres que os dependen da Xunta de Galicia son informados en prazo.

1ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, indica que en esencia están de acordo coa moción, con excepción de certos cualificativos que se citan nela, como pode ser o de sectario. Percibimos que non é casualidade os casos que se relataron e outros que coñecemos de eses rumbos deste organismo cara determinados concellos de determinada cor política. Imos apoiar esta moción, aínda que é posible que non todos os casos teñan unha motivación política. É moi perigoso que as AAPP se instrumentalicen deste xeito, polo que imos instar nos termos que recolle a moción, porque a verdade é que é sospeitoso o tema.

1ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, comeza indicando que non lle quita

ningunha coma a intervención da voceira do grupo do PP, pero que en todo caso, neste debate, vai haber algunha sorpresa. A posición do BNG respecto desta iniciativa é que nesta moción non se recolle o verdadeiro problema ou demanda coa CH. Sinala que na CA de Madrid hai trece ríos, Galicia é o país dos mil ríos, e temos uns quince mil núcleos de poboación, e a normativa é a mesma para todo o Estado. Por isto non é lóxico que se aplique os cen metros de afección para a emisión de informes, xa que isto fai que case calquera actuación no noso territorio estea sometida a informe ou autorización deste organismo. A CH do Miño-Sil ten ademais falla de persoal, e entendemos que hai que adaptar a norma ao país, non ao revés, e isto en Madrid non o entenden, polo que isto debe analizarse desde unha perspectiva galega. Coincidimos no uso partidista desta CH do Miño Sil, pero tanto cando goberna o PSOE como cando goberna o PP. Pedimos introducir unha emenda en positivo, xa que o TC abriu a porta á xestión cooperante entre Estado e CCAA, e hai exemplos como por exemplo en Cataluña ou no País Vasco. É dicir, hai posibilidade de establecer por convenio a favor de Augas de Galicia, para ampliar as súas atribucións, e iso faríase ampliando o artigo 25.2 do Decreto 32/2012, polo que se aproban os estatutos da empresa pública Augas de Galicia, e que actualmente atribúe moi escasas competencias a esta empresa da nosa Comunidade Autónoma, e que debería incluír o texto que propomos na nosa emenda de adición, e que é o seguinte: 5. O pleno provincial demandamos que a Xunta de Galicia inste ao Goberno do Estado a subscribir un convenio de colaboración entre Augas de Galicia e as Confederacións Hidrográficas: Miño-Sil e Douro co obxectivo de establecer un procedemento de planificación e coordinación segundo o cal Augas de Galicia teña encomendadas, a maiores, as seguintes actuacións nesas canas hidrográficas: A tramitación de autorizacións referentes ao dominio público hidráulico e das zonas de servidume; a xestión da policía de augas e as súas canles, incluída a tramitación de expedientes sancionadores; a xestión e recadación dos canons regulados na Lei de augas (ROL 1/2001 e modificada a 12 maio 2023); a adopción de medidas adicionais de protección e saneamento dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos; a regulación e establecemento de axudas e atribucións de recursos económicos a corporacións locais para a consecución de obxectivos de planificación hidrolóxica. 6. A Deputación de Ourense reclama que, froito do citado convenio, sexan transferidos os fondos precisos polo desenvolvemento das novas actividades, ou como fixar criterios de cofinanciamento das actuacións a desenvolver.

1ª intervención de José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, sinala que poderíamos argumentar esta moción que trae o PP co simple papel de colaboración que está a desempeñar o grupo socialista nesta Deputación, xa que se trata dunha moción que unicamente trata de

confrontar. Poderíamos dicirlle a todos os grupos políticos desta corporación que son incoherentes, xa que cando as mocións non lles interesan, sinalan que este non é o foro para debatelas, e precisamente este podería ser o argumento contra esta Deputación. Chama a atención que o grupo popular, desde esta Deputación, acuse de sectarismo, lembrando que a voceira do PP hai un ano estaba en contra do plan único ou a favor do cambio do modo de xestión do servizo de recollida do lixo, e que iso non parece moi coherente. Lembra que esta CH estivo gobernada polo PP, e que se comparamos os datos igual si que vemos moito máis sectarismo. Eu pedín formalmente información á CH e voulle falar dos convenios do ano 2023, que é época electoral. Se esta CH fose tan sectaria, non teriamos estes datos. No ano 2023, en Lugo e Ourense, asináronse 26 convenios e 14 son para concellos que non son do PSOE. Por exemplo o presidente desta Deputación ten un convenio asinado para o seu concello. Dicar que ten que existir un reparto lineal é outra forma de demagogia tremenda, xa que hai moitas outras connotacións a ter en conta. Cando non lles interesa non falan de Augas de Galicia, onde si hai un claro sectarismo, e lembra que este organismo cobra un canon e que logo non repercute en todos os concellos e toda a veciñanza da provincia. Nos datos que deu a voceira do PP falouse dun investimento de máis de dous millóns de euros no concello do Barco de Valdeorras, pero só se trata dun estudo, e non está aprobado tal investimento, polo que se trata de datos falsos ou erróneos. Se analizamos os investimentos por limpezas, o tema é moi claro, xa que se investiu en todos os concellos, o de Boborás por exemplo tivo máis de 50.000,00 €. Neste sentido o seu grupo presenta unha emenda de adición para referise a Augas de Galicia e instala, xa que é a que realmente ten as competencias.

2ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, nesta segunda quenda explica que as peticións que fan os propios concellos á CH de facer eles a limpeza e son denegadas, ou supostos de perdas de subvencións con outras administracións porque a CH non dá os permisos para as obras necesarias. Sinala que a memoria anual da que ela extrae os datos está publicada, polo que nada do que se dixo é mentira. Insiste en que os investimentos para obras só se dirixen aos concellos do PSOE, e os ríos en moitos casos están nun estado lamentable e non se fan as limpezas precisas. Alcaldes e alcaldesas do PP levan moitos meses sen ser recibidos polo presidente desta Confederación, pese a que reiteraron as súas peticións de entrevista. Noutros casos como a limpeza de ríos no Concello do Irixo, avísase ao concelleiro do PSOE na oposición pero non ao alcalde do PP, o que é unha clara mostra de falta de respecto institucional. A CH deixa de atender as súas necesidades e competencias, e financia infraestruturas como obras en parques infantís ou restauración de mosteiros. Remata

indicando que non van apoiar as emendas dos demais grupos, que unicamente tratan de desvirtuar a moción do PP, dirixida á CH, e vos traedes á Xunta de Galicia e Augas de Galicia, e lembra que na xunta de portavoces se acordou non pisar o traballo dos demais grupos coa introdución de emendas.

2ª intervención de Armando Ojea Bouzo, de DO, intervén para poñer como exemplo que o Concello de Ourense está a facer unha obra para un ascensor en Avilés de Taramancos, que no seu día se pediu autorización á CH para facer unha pequena ponte provisional que permita o paso durante a execución das obras, e aínda non se autorizou, e non ten explicación salvo que sexa a burocracia ou a normativa aplicable que xa se comentou. Sobre as emendas dos restantes grupos, sinala que o grupo de DO non as vai apoiar, xa que a do PSOE se sae do ámbito da moción e non ten encaixe, e respecto á do BNG teñen dúbidas de que xuridicamente sexa viable, xa que se trata dunha transferencia de competencias que tería moitísimas dificultades, polo que se van abster.

2ª intervención de Xosé Manuel Puga González, do BNG, fai uso desta quenda para sinalar en primeiro lugar que o BNG nunca rexeitou ningún debate sobre ningún asunto xa que estamos nun espazo de debate político, o que si temos afirmado é que non compartimos que fondos da Deputación se destinen a sufragar servizos que son competencia doutra administración. Niso somos e seguimos sendo coherentes. Nós non intentamos desvirtuar a súa moción, a cal imos apoiar, pero con ánimo construtivo traemos unha adición que pode solucionar moitos dos problemas que teñen os concellos nas súas tramitacións administrativas, atribuíndo competencias e fondos a Augas de Galicia. Para rematar sinala que este organismo da Xunta, nos orzamentos que acaba de aprobar a Xunta de Galicia, volve discriminar á nosa provincia, e na lexislatura 2019-2023 deixou de investir máis de oitenta millóns de euros. No último ano Augas de Galicia asinou 70 convenios, dos que foron 17 na provincia de Ourense, e deles todos en concellos gobernados polo PP. Pedímoslle que reconsideren o voto á nosa emenda para que se poida avanzar na solución deste problema.

2ª intervención de José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista, na que reitera os datos de Augas de Galicia do último ano, no que todos os convenios asinados con concellos desta provincia, foron con concellos gobernados polo PP, polo que este partido non é o que debe falar de sectarismo. Lembra que o concello de Ourense, gobernado por DO, non pode ter queixa dos investimentos da CH nese concello. Nós nunca estivemos en contra das emendas de supresión ou adición, pero o que o PP facía habitualmente eran emendas de substitución, das

que si estamos totalmente en contra. Lembra que neste mandato coa axuda do grupo socialista xa levamos orzamentos aprobados, plan único e xestión directa do servizo de recollida do lixo. A continuación e como mostra do que é demagogia, sinala que onte a Xunta de Galicia foille vender un servizo ao concello de Verín, no que non poñen un só euro, e non invitan nin ao alcalde, polo que non poden falar de respecto institucional. Outro exemplo é o uso sectario que se fai da CRTVG por parte do goberno da Xunta de Galicia. Para rematar sinalan que apoiarán a moción do PP se este grupo acepta instar igualmente á Augas de Galicia. Respecto á emenda do BNG, e por coherencia, entendemos que son tramitacións que non producirán nesta administración, polo que se van abster.

Quenda de peche de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, sinala que Augas de Galicia ten liñas de subvencións por concorrência competitiva, cousa que non fai a Confederación Hidrográfica. Respecto á emenda do BNG sinala que xa a moción orixinal contén referencias á modificación da tramitación burocrática e apunta que cando negociaron a investidura do actual presidente do Goberno puideron negociar o paso das transferencias que agora reclaman a favor de Augas de Galicia. Para rematar pide que a CH nos faga caso a todos e faga un reparto xusto e equitativo entre todos os concellos da nosa provincia.

Intervención do Sr. presidente, sinala respecto á referencia que se fixo ao concello do Pereiro de Aguiar, este concello tivo cero investimento en catro anos, e hai un convenio para reconstruír unha ponte caída, e na que a día de hoxe non se investiu aínda nin un euro. As propostas que figuran na moción do grupo do PP son todas asumibles por todos os grupos desta corporación, e non se pretende outra cousa que mellorar o funcionamento deste organismo en relación cos concellos da nosa provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar as emendas, co seguinte resultado:

Emenda do Grupo Socialista: rexeitada, ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), o voto en contra do Grupo Popular (12) e a abstención do BNG (3) e de DO (2).

Emenda do BNG: rexeitada, ao obter o voto favorable do BNG (3), o voto en contra do Grupo Popular (12) e a abstención do Grupo Socialista (7) e de DO (2).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Popular e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de DO (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (7) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a un reparto igualitario e equitativo de fondos a todos os concellos pertencentes a cada conca.

2º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a unha revisión e nos casos que sexa posible, a unha simplificación de burocracia para dar maior axilidade coas autorizacións sectoriais dependentes deles.

3º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a axilizar os traballos de limpeza dos leitos e marxes dos ríos, dado o seu estado de abandono polo seu escaso mantemento.

4º.- Instar á Confederación Hidrográfica Miño Sil e á Confederación Hidrográfica do Douro a axilización do procedemento correspondente en canto aos plans básicos municipais que están en tramitación actualmente, facendo posible contar con estes instrumentos urbanísticos fundamentais para os concellos que están a sufrir grandes retrasos derivados da lentitude coa que as confederacións hidrográficas realizan os ditos procedementos.

**11º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**12º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de novembro de 2023.

Os membros da Corporación quedan informados.

**13º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

María Xosé Mangana Guede, do BNG, formula o seguinte rogo: os concellos de Ourense que prestan servizo de axuda básica a domicilio, reciben aproximadamente desta Deputación Provincial unha terceira parte do importe que dedican a este fin. Aínda que esta axuda resulta de todo insuficiente, posto que os dous terzos restantes do gasto sufrárganos os concellos con recursos propios. Pare recibir esta axuda da Deputación é preciso a xustificación desta; ata

agora facíase mediante unha aplicación que este ano deixou de funcionar e a xustificación realizase a través de anexos enviados directamente aos correos de traballadores-as sociais. Segundo as últimas informacións parece que a Deputación pon en marcha unha axuda para que cada concello implemente unha aplicación ao seu gusto para xustificar esta axuda. Rogamos que a Deputación poña en marcha unha única plataforma para que todos os concellos poidan facer a xustificación da axuda de asistencia básica; e se fose posible permitir o volcado de datos doutras plataformas de distintas administracións, evitando así a duplicidade de datos e traballo. O Sr. presidente manifesta que a nosa plataforma quedou anticuada e que non respondía a todas as necesidades dos concellos. Di que é moi difícil elaborar unha plataforma que responda ás necesidades de todos os concellos, e os concellos buscaron a súa propia solución e pediron axuda económica para isto. Toma nota do rogo e trasladarallo ao servizo correspondente.

María Xosé Mangana Guede, do BNG, di que non sabe que diferentes necesidades teñen os concellos, xa que se trata de axudas básicas que tramita a Deputación. O problema que atopa o BNG é a duplicidade de plataformas, por iso o ideal sería poder facer un só volcado de datos. Isto permitiría ter unha relación de persoas que precisan desa axuda básica, tendo en conta que a poboación da provincia cada vez é máis avellentada e vai necesitar máis axudas. Por isto cren que é conveniente que a Deputación teña esa relación de persoas que precisan da axuda e por algunha causa non teñen a dependencia.

O Sr. presidente di estar de acordo co manifestado, pero quen ten a maior cantidade de recursos para a dependencia é a Xunta de Galicia, que é quen tería que facer esa plataforma. A Deputación dá un servizo básico. Non obstante dará traslado do rogo á Área de Benestar.

María Xosé Mangana Guede, do BNG, di que no pasado mes de xaneiro de 2023 a Deputación Provincial anunciaba, por medios de comunicacións, a redacción do “plan director do proxecto do sendeiro termal entre Ribadavia e as termas de Prexigueiro”. ¿En que situación está o citado proxecto e a súa execución?

O Sr. presidente di que para responder a esta cuestión daralles traslado do informe técnico realizado pola xerente do Inorde, co seguinte contido: A solicitude do Gabinete da Presidencia da Deputación de Ourense infórmase que no marco do Plan de Sustentabilidade Turística en Ourense Termal, que executa a Deputación de Ourense, existe unha actuación denominada “Sendeiros termais”, dentro da cal foi contratado, segundo resolución de adxudicación n.º 2022/4081, do 12 de abril de 2022, a redacción do “Plan Director do Sendeiro Termal entre a vila termal de Prexigueiro e Ridabavia”. En data 17/05/2023 foi recepcionado o dito documento e supervisado

pola Área de Medio Ambiente da Deputación de Ourense. O “Plan Director” é o desenvolvemento dun diagnóstico estratéxico que permite ao Concello de Ribadavia detectar e afrontar as necesidades da ruta de conexión dos dous puntos mencionados no título a través dun conxunto de directrices e accións que fomenten a dinamización do concello en particular e da comarca en xeral. Está estruturado en dúas partes, unha analítica de identificación dos principais elementos constitutivos da paisaxe da ribeira e unha segunda parte propositiva, que define as actuacións necesarias para a salvagarda integral e o fomento das calidades paisaxísticas e funcionais co desenvolvemento dos nodos, que require da redacción dos futuros proxectos específicos. Inclúe planos de análise, de funcionalidade, así como todas as afeccións sectoriais específicas con ADIF, CHMS, DX de Patrimonio e AXI. Este documento constitúe por tanto unha planificación estratéxica que lle permita á entidade local a busca de financiamento para acometer en 15 fases o conxunto do sendeiro cun valor previsto de execución material de 6.663.841,04 euros. En data 19/7/2023 remitiúselle o documento ao Concello de Ribadavia e se lle requiriu para que manifestase que fito deste consideraba priorizar para encargar o proxecto construtivo correspondente, e executalo no marco do PST en Ourense Termal, cun orzamento máximo para todos os contratos de 200.000 euros impostos incluídos. O Concello de Ribadavia remite á xerencia do plan unha notificación da Xunta de Goberno Local do 8 de agosto de 2023, na que se acorda que o fito para incluír a correspondente execución no Plan de Sustentabilidade Turística Ourense Termal sexa: 01\_zona A Ribadavia casco vello-ponte ferrocarril. Por resolución de adxudicación n.º 2023/13460, do 30 de outubro de 2023, foi contratada a “redacción do proxecto de Humanización da zona A Ribadavia casco vello-ponte ferrocarril en camiño da Barca”, así como o servizo de dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde. O entregable deste proxecto debe ser recepcionado nas próximas semanas. A continuación procederá a solicitar as correspondentes autorizacións sectoriais e, cando proceda, a licitar a correspondente obra deste fito con cargo ao PST en Ourense Termal na anualidade 2024 por un valor previsto de 151.962,00 euros. O Concello de Ribadavia dispón de toda a información recollida no Plan Director, co fin de poder seguir avanzando na busca de financiamento e execución fase a fase do conxunto dos fitos relacionados no Plan Director, e que constituirán un gran elemento vertebrador e transformador para o territorio de intervención.

María Xosé Mangana Guede, do BNG, en relación coa estación de montaña de Manzaneda ¿Existe algún plan de futuro? ¿Están os elementos de innivación: canóns, balsas .. en condicións para a posta en marcha este inverno?

O Sr. presidente responde que como xa dixo na Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do pasado xoves, estamos a traballar con esforzos renovados co fin de mellorar as prestacións e o rendemento da estación. Co cambio de xestión, asumindo de maneira directa esta, os datos económicos son moito mellores e redúcese dunha maneira importante o gasto de funcionamento, chegando case a un equilibrio de ingresos e gastos. De cara ao futuro da estación estamos traballando coa Axencia Galega de Turismo da Xunta, e así llo trasladamos aos concellos que están no Consello de Administración, en novas alternativas non ligadas ás prácticas deportivas invernaís, pedíndolle tamén á Xunta que os seus técnicos se impliquen nunha mellora da estación e que se xere unha maior e mellor dinamización. Hai dous niveis de actuación, o nivel de actuación de xestión diaria, que está “controlado”; e o segundo nivel, onde nos temos que implicar, o tema financeiro e saber o que se debe facer para que esta estación, que cada vez ten menos neve, se converta nunha estación de montaña.

Xosé Manuel Puga González, do BNG, en marzo de 2023 anunciábase un convenio entre as distintas administracións implicadas (entre elas a Deputación Provincial de Ourense) para a reconstrución da pote da Barxa, no Concello do Bolo. ¿En que situación está o citado proxecto e a súa execución?

O Sr. presidente di que lle remitirán o informe elaborado pola directora da Área de Infraestruturas, co seguinte contido: en data 24/01/2020 o alcalde do Concello do Bolo, solicitou asistencia técnica á Deputación de Ourense para a elaboración do proxecto de reconstrución da ponte de Barxa sobre o río Xares, no Concello do Bolo (expediente 2020/1260S). Por resolución n.º 2020/1805 da Presidencia da Deputación a realización da prestación foille encomendada a Iván Valcarce Rodríguez Ingeniería SL. A mercantil entregou o proxecto construtivo o 26/10/2020 (expediente 2020/1389Y) dando por finalizado o servizo contratado, e o proxecto foi enviado pola Deputación ao Concello do Bolo, para a tramitación a súa aprobación o 27/10/2020. Consta na Área de Infraestruturas que desde esa data o Concello do Bolo estivo a tramitar as autorizacións sectoriais necesarias para a execución da obra e que o proxecto foi sometido a avaliación simplificada de impacto ambiental; tamén consta que o Concello do Bolo contratou recentemente a actualización de prezos do proxecto construtivo e a súa adecuación aos condicionantes sinalados nos informes sectoriais. En todo caso, para obter información precisa sobre a situación do proxecto o grupo do BNG deberá remitir a súa pregunta ao Concello do Bolo. O inicio da execución está condicionado pola aprobación do proxecto e o seu planeamento previo.

Xosé Manuel Puga González, do BNG; di que no que respecta á estrada de San Vicente (Vilamartín de Valdeorras) (código provincial de OU-0807), leva anunciándose o seu arranxo en múltiples ocasións, sen que ata agora se teña acometido ¿tense previsto realizar as obras de acondicionamento desta estrada?

O Sr. presidente manifesta que, tal e como foi informado en diversas ocasións, o expediente 2020/22855D, proxecto construtivo “acceso ao núcleo de San Vicente desde a OU-0807”, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras, cun orzamento de 12.996.387,90 euros, está pendente de aprobación por inexistencia de crédito para acometer unha obra desta envergadura. Consta á Área de Infraestruturas que o grupo de goberno está a traballar nunha solución alternativa ao elevado custo desta proposta que cumpra cos condicionantes técnicos e sectoriais que esixa a normativa vixente e mellore a accesibilidade aos veciños de San Vicente de Leira.

Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta en que situación se atopa o proxecto da senda peonil Salgueiral-Vilaira (O Barco de Valdeorras)? E que está pendente das expropiacións precisas.

O Sr. presidente responde que desde o negociación de Expropiacións se informa que na actualidade o expediente para a execución da obra “construción de sendeiro e zona de espaxamento na marxe esquerda do río Sil (O Salgueiral), tramo urbano do núcleo do Barco de Valdeorras (Ourense) PDM Miño-Sil, nº 203POS2023”, incluídas no Plan provincial de cooperación está á espera de que o Concello do Barco de Valdeorras remita o proxecto aprobado definitivamente polo órgano competente, cando o dito proxecto sexa achegado procederase á tramitación correspondente.

Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista. Na data do 27 de abril de 2023, asinouse polo asesor da Área deportiva da Deputación de Ourense un escrito recibido polo noso grupo onde se nos daba resposta á pregunta feita sobre o “Macro proxecto para campos de fútbol” en Lobios, Amoeiro, A Pobra de Trives, Toén, Cartelle e Viana do Bolo, onde se indicaba que a través da modificación de crédito 6/2022 se habilitara unha cantidade de 580.000 euros para a construción dos campos de fútbol nas localidades anteriormente citadas. Indicábase tamén nese escrito que “as obras serán financiadas por diferentes administracións, e con data do 24 de marzo de 2023 enviouse o borrador do convenio á Xunta de Galicia para a súa aprobación e sinatura, estando pendente de recibir o mencionado documento para proceder ao

desenvolvemento destes proxectos”. Posteriormente, xa nesta lexislatura preguntamos tanto en pleno como en comisión sobre a situación deste “Macro proxecto”, obtendo escasa concreción nas respostas, pero no pleno de setembro de 2023 o presidente respondía que “a día de hoxe non hai novidades, coñece o que pon o borrador do convenio e a partida orzamentaria segue dispoñible ata o 31 de decembro”. A pasada semana nesta Deputación asinábase o “convenio de colaboración para a instalación de céspede artificial nos campos de Arnoia, Toén, Amoeiro, Cartelle, Lobios e A Pobra de Trives” cos seus rexedores. ¿Cales son os motivos que produciron a “desaparición” da obra comprometida para o campo de fútbol de Viana do Bolo inicialmente prevista? ¿Foi solicitada polo Concello de Viana a paralización do proxecto previsto para o campo de fútbol do seu concello? ¿Por que se substituíu a obra prevista para o campo de fútbol de Viana do Bolo pola nova incorporación a este listado do campo de fútbol de Arnoia?

O Sr. presidente responde que non houbo ningunha desaparición. Esta actuación ía ligada á subscripción dun convenio que por distintas cuestións non se asinou este ano, pero asinar un convenio de infraestruturas deportivas coa Xunta para o ano que vén, xa que eses 580.000 euros convertémolos en 1.580.000 euros, que foi que se asinou o outro día para todos eses campos. En canto ao campo de Viana do Bolo mantivéronse conversas co alcalde e aínda non tiñan definido o que se quería facer, polo que se incluíu o de Arnoia que si estaba completo. Espera incluír a Viana do Bolo no convenio que se asine para 2024.

Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, di que hai pouco se presentou a proba ciclista Gran Camiño, e despois de tres anos a saída e a chegada son en concellos gobernados polo Partido Popular. Roga que para a vindeira edición se teñan en conta outros concellos para poder participar na saída ou na chegada.

O Sr. presidente di que non ten ningún problema en trasladarlle á Xunta de Galicia a petición dos concellos que queiran participar nesta proba, tanto na saída como na chegada da volta.

Para finalizar deséxalles felices festas a todos e a todas.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

**PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url

<https://depourense.seneca.tv:443/s/9S0KR6m6KffrnSBXtr85DaHcde2vK2XSQ5Zy9siuZ23AvMeG.wmv>

SHA512 - 9863e3a7c8d5fc0acfcf2500bfea10e565046a89ff9c18e402d26f7644d549d03fd0154ca120a7767a4441f972a6ca40dc5ef3b87dc79d17a98ebb470e403b44

E, ás 14.00 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.